



**ORDENAMENTO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**

**Nº DE SESIÓN: 9/2018**

**CARÁCTER: Extraordinaria**

### **ANUNCIO**

Con data 27 de xullo de 2018, o Sr. Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

#### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO**

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais.

Dada a necesidade de non demorar ao Pleno ordinario de setembro a aprobación, con carácter provisional, do proxecto de modificación puntual do PXOM no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, que se leva promovendo dende o ano 2012 para poder regularizar a situación o antes posible, dado que hai postos de traballo en xogo e hai que axilizar o máximo posible aos efectos de remisión para a súa aprobación definitiva pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, conforme ao previsto no artigo 60.16 da LSG e concordantes do Decreto 143/16.

Visto que cando xa estaba redactada, a petición do Alcalde, convocatoria de Pleno extraordinario, presentouse escrito RE nº 6783 de 27/07/2018 polos grupos municipais de PSdeG-PSOE, Bloque Nacionalista Galego, Alternativa Tudense, Son de Tui e concelleiro non adscrito D. José Prada Alvarez, solicitando convocatoria de xeito inmediato e urxente de pleno en sesión extraordinaria para o mesmo asunto.

Á vista do exposto anteriormente, esta Alcaldía, RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Convocar Sesión Extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro mércores, día 1 de agosto ás 09:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

#### **ORDE DO DÍA**

A) Parte resolutiva:

Único.- Expediente 2489/2017.- Aprobación provisional do proxecto de modificación puntual nº 1 do PXOM no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, con ordenacións detalladas.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



sesión.

TERCEIRO.-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

O Alcalde, Carlos Vázquez Padín.